

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

4220 *REAL DECRETO 196/2002, do 15 de febreiro, polo que se regula o establecemento de reservas de dereitos de plantación de viñedo.* («BOE» 53, do 2-3-2002.)

O Regulamento (CE) 1493/1999, do Consello, do 17 de maio, polo que se establece a organización común do mercado vitivinícola, e o Regulamento (CE) 1227/2000, da Comisión, do 31 de maio, polo que se fixan as normas de aplicación deste no relativo ó potencial de produción, posibilitan a creación polos estados membros de reservas nacionais ou rexionais co obxectivo de mellora-la xestión do potencial vitícola, sempre e cando o inventario vitícola do territorio ó que estea referida a reserva estea executado.

Realizado o inventario de potencial vitícola en todo o territorio nacional e cumprido polo tanto o requisito comunitario, este real decreto recolle o conxunto de disposicións polas que se crea a Reserva Nacional, así como aquelas outras que se consideran indispensables para a posterior creación, polas respectivas comunidades autónomas, das reservas rexionais.

Establécense os dereitos de plantación que terán entrada na Reserva Nacional, así como o procedemento para a súa transmisión ás diferentes reservas rexionais. Respecto destas, será a correspondente comunidade autónoma a que elabore a normativa que regule a entrada e saída de dereitos á súa reserva.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados. Igualmente foi elevado a consulta da Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural.

Este real decreto dítase ó abeiro do previsto no artigo 149.1.13.^a da Constitución, que lle atribúe ó Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 15 de febreiro de 2002,

DISPONGO:

Artigo 1. *Reserva Nacional de dereitos de plantación de viñedo.*

1. Créase a Reserva Nacional de dereitos de plantación de viñedo no Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación con obxecto de permitirlle á Administración xeral do Estado a asignación ou reasignación de dereitos de plantación de viñedo a aquelas rexións que, con criterios obxectivos, xustifiquen que os precisan máis.

2. Á Reserva Nacional incorporaranse os seguintes dereitos de plantación:

a) Os dereitos de plantación que procedan das reservas das comunidades autónomas despois de permanecer nelas tres campañas sen se utilizar. Para estes efectos os dereitos de plantación deberán estar identificados pola campaña na que tivo lugar a súa entrada na reserva.

A saída de dereitos de plantación dunha reserva efectuarase por orde cronolóxica de entrada.

b) Os dereitos de replantación e de nova plantación dos que o período de vixencia caducase e proviñesen

dunha comunidade autónoma que non constituíse reserva rexional. A posterior asignación destes dereitos pola Reserva Nacional será, durante as tres campañas inmediatamente seguintes, de disposición exclusiva da comunidade autónoma de orixe.

c) Os dereitos recollidos nos números 4 e 5 do artigo 2, na parte que corresponda a unha comunidade autónoma que non constituíse unha reserva rexional. Estes dereitos terán o tratamento establecido na alínea b).

d) Os dereitos xerados de acordo coa alínea c) do número 3 do artigo 2 do Regulamento (CE) 1493/1999, o seguimento dos cales se efectuará de maneira diferenciada.

e) Os novos dereitos de plantación que no futuro poidan ser concedidos pola Unión Europea respectando as condicións que establezan as súas normas de adxudicación.

3. Os dereitos de plantación de viñedo atribuídos á Reserva Nacional, salvo os establecidos nas alíneas c), d) e e) do número 2, serán transformados en hectolitros en función dos rendementos medios das provincias de procedencia, expresados en hectolitros por hectárea. Para tal fin terase en consideración o disposto no segundo parágrafo do número 2 do artigo 5 do Real decreto 1472/2000, do 4 de agosto, polo que se regula o potencial de produción vitícola.

Artigo 2. *Reservas rexionais.*

1. As comunidades autónomas poderán constituír reservas de dereitos de plantación de viñedo no ámbito do seu territorio co fin de facilita-la xestión do potencial vitícola e evita-la súa perda. As transmisións de dereitos a través da reserva respectarán os principios recollidos no Regulamento (CE) 1493/1999 en canto a mantemento do potencial productivo.

2. Os dereitos de replantación transferidos entre comunidades autónomas que non sexan utilizados nas dúas campañas seguintes á súa aprobación polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, entrarán automaticamente na reserva da Comunidade Autónoma de destino ou, se é o caso, na Reserva Nacional.

3. Os dereitos de plantación non exercidos dentro do seu período de vixencia por causas non imputables ó seu titular, pasarán á Reserva Rexional ou, se é o caso á Nacional. Non obstante, unha vez finalizada a causa que motivou a imposibilidade do exercicio do dereito de plantación, os correspondentes dereitos serán asignados, sen ningunha contraprestación económica, ó seu titular de orixe.

4. Naqueles supostos de regularización de superficies nas que o viticultor cubra a superficie que se vai regularizar co 150 por 100 dos dereitos e estes proveñan de distinta comunidade autónoma, as dúas terceiras partes destes dereitos destinaranse a compensar os dereitos que no seu día non se achegaron para a parcela que se vai regularizar e o resto será distribuído a partes iguais entre as comunidades autónomas cedente e adquirente.

5. Os dereitos de plantación que se encontren nas condicións que determina o artigo 25 do Regulamento (CE) 1227/2000 quedarán en suspenso ata a creación da Reserva Rexional.

Artigo 3. *Adxudicación de dereitos.*

1. Na adxudicación de dereitos de plantación teranse en conta, entre outros, os seguintes criterios de prioridade:

a) As peticións que se realicen co fin de regularizar plantacións.

b) Mozos agricultores que, de acordo co que establece o número 7 do artigo 2 da Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias, estean dados de alta no réxime especial agrario da Seguridade Social no momento da presentación da solicitude. Esta adxudicación poderá ser sen contrapartida financeira nos casos de mozos agricultores que se establezan por primeira vez na actividade agraria.

c) Agricultores titulares de explotacións agrarias prioritarias.

d) Agricultores a título principal.

2. Os solicitantes de dereitos non deberán ter sido beneficiarios da prima por abandono definitivo nin ter cedido dereitos de replantación polo menos nas últimas cinco campañas.

As comunidades autónomas poderán establecer outros criterios de exclusión adicionais para a concesión de dereitos provenientes das súas reservas.

3. Os dereitos de plantación asignados ós viticultores procedentes dunha reserva non poderán ser obxecto de transferencia.

Artigo 4. *Asignación de dereitos da Reserva Nacional ás reservas rexionais.*

1. Periodicamente, os dereitos da Reserva Nacional, excluídos aqueles que transitoriamente teñan que cubrir determinados prazos, asignaranse ás comunidades autónomas segundo os criterios recollidos no artigo 2 do Real decreto 1472/2000. No caso de que se considere conveniente, poderase utilizar como criterio prioritario de asignación a satisfacción das necesidades de dereitos derivados dos procesos de regularización.

2. No suposto de que unha determinada comunidade autónoma non constituía reserva rexional, o uso que esta fixese dos dereitos que se lle asignen deberá acomodarse ás condicións e requisitos establecidos no número 3 do artigo 2 e nos números 1, 2 e 3 do artigo 3 deste real decreto.

Artigo 5. *Prezo dos dereitos para regularizar superficies.*

Para a determinación do prezo dos dereitos da reserva que se destinen a regularizar superficies de viñedo, tomárase en consideración a táboa de rendementos provinciais que se establece en virtude do segundo parágrafo do número 2 do artigo 5 do Real decreto 1472/2000. Como mínimo, a cantidade que terá que paga-lo produtor á reserva por cada hectárea de viñedo que vaia regularizar, en concepto do 150 por 100 do prezo a que fai referencia a alínea a) do número 6 do artigo 2 do Regulamento (CE) 1493/1999, virá determinada polo resultado de multiplica-la cifra de 900 euros polo cociente que resulte de dividi-lo rendemento medio da provincia onde se encontre a parcela que se vai regularizar polo da provincia que na táboa teña o máis baixo rendemento nacional.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto ten carácter de normativa básica de conformidade co establecido no artigo 149.1.13.^a da Constitución, que lle atribúe ó Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para adoptar, no ámbito das súas competencias, as medidas necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste real decreto, así como para a súa adaptación ás modificacións introducidas pola normativa comunitaria.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 15 de febreiro de 2002.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación,
MIGUEL ARIAS CAÑETE

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

4221 *REAL DECRETO 236/2002, do 1 de marzo, polo que se establece a hora de verán. («BOE» 53, do 2-3-2002.)*

Díctase este real decreto coa finalidade de incorporar ó ordenamento xurídico español a Directiva 2000/84/CE, do 19 de xaneiro de 2001, do Parlamento Europeo e do Consello, relativa ás disposicións sobre a hora de verán. A dita directiva, aplicable con carácter indefinido a partir do ano 2002, introduce un modo de determinación anual da data e hora de comezo e fin do período da hora de verán.

A decisión de adianta-la hora oficial polo tempo dunha hora durante os meses con maior cantidade de horas de luz veuse adoptando en España e noutros países desde as primeiras décadas do século XX.

En España, a primeira norma publicada con tal contido foi o Real decreto do 3 de abril de 1918, polo que se adiantaba a hora oficial «como medio de conseguilo aforro de carbón». Nos anos posteriores adoptouse a hora de verán mediante ordes da Presidencia do Consello de Ministros de vixencia anual, pero cunha frecuencia irregular e intermitente, ata que no período comprendido entre 1950 e 1973 a práctica foi abandonada por completo.

A recuperación do costume do adianto horario tivo lugar en 1974, con carácter xeral en Europa. Adoptouse de forma drástica e urxente ante a crise do petróleo sobrevida no dito ano. Desde entón, e ata 1984, unha orde anual da Presidencia do Goberno veu establecendo a hora de verán ininterrompidamente, e de forma coordinada cos demais países europeos, pero con absoluta autonomía normativa respecto a eles.

Producido xa o ingreso de España nas Comunidades Europeas, a hora de verán estableceuse regularmente no noso país mediante a transposición das directivas europeas nesa materia.

Na perspectiva europea, as directivas sobre a hora de verán dictáronse desde 1980, co obxectivo de harmonizar progresivamente as datas de inicio e fin do período de adianto horario, que os daquela estados membros realizaban de forma descoordinada. A medida pretendía suprimi-los obstáculos á libre circulación de bens, servizos e persoas a que poderían dar lugar disposicións nacionais diverxentes sobre a hora de verán.

Desde 1981 a 2001, ambos inclusive, a hora de verán foi aplicada a través de oito directivas. A primeira delas conseguiu harmonizar en tódolos estados membros soamente a data de inicio da hora de verán. As directivas segunda a sexta engadiron unha data de finalización para o dito período de adianto horario, pero en dúas versións: unha para Irlanda e O Reino Unido (o derradeiro domingo de outubro) e outra para os estados membros continentais (que o facían o derradeiro domingo de setembro). A harmonización completa do calendario